

Estimadas familias:

Agardamos que esteades ben e, unha vez máis, pedimos a vosa colaboración. Esta vez é con motivo da celebración do **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO**, o vindeiro **23 de abril**.

Propoñévosvos a actividade **"E ti, onde les?"**.


- Trátase de **facer e enviarnos** unha **fotografía** dos vosos/as fillos/as, sós ou en familia, na que aparezan **lendo nun entorno ou situación pouco habitual e simpática**.

Esta actividade estaba pensada sin saber que, no mes de abril, poidesemos estar vivindo e intentando celebrar o "Día do libro" en medio dunha pandemia.

Se fose posible saír das nosas casas estamos seguros/as que habería múltiples situacións e espazos para realizar este reto (a cola dun supermercado, unha piscina, o campo, agardando nun semáforo, no ximnasio, nun lugar especial para vós, inusual, diferente...) pero, dadas as circunstancias, os espazos limítanse ás nosas casas.

Sabemos que así é algo máis complicado pero tamén somos coñecedores da vosa creatividade.

Deixade voar a vosa imaxinación e sorprendédenos coas vosas fotografías.



A idea é facelas visibles a través das nosas redes sociais e demostrar, entre todos/as, que calquera sitio é bo para ler!

Se vos decidides a participar enviade as vosas fotografías ao correo electrónico do/da voso/a titor/a. Tédelos todos na aula virtual 😊

ANIMÁDEVOS A PARTICIPAR NESTE RETO! GRAZAS E MOITO ÁNIMO!

"Un día máis é un día menos!"

Claustro do CEIP Plurilingüe Lagostelle-Guitiriz